

**Enganche e traslado**

|                               |        |
|-------------------------------|--------|
| Vehículos de menos de 4 rodas | 29,45  |
| Turismos                      | 73,64  |
| Vehículos pesados             | 110,73 |

**Custodia (por día ou fraccion)**

|                               |      |
|-------------------------------|------|
| Vehículos de menos de 4 rodas | 2,4  |
| Turismos                      | 4,91 |
| Vehículos pesados             | 6    |

**ARTIGO 7º.—DEVENGO.**

Devéngase a taxa cando se inicie a prestación de calquera dos servizos que determinan a realización do feito imponible. Enténdese iniciada a prestación unha vez avisada a grúa.

**ARTIGO 8º.—NORMAS DE XESTIÓN.**

O cobro desta Taxa efectuarase con anterioridade á recollida do vehículo do depósito municipal ou, no lugar habilitado ao efecto, ou de producirse o desenganche do vehículo transportador se estivese en fase de traslado ao depósito.

Para o cobro utilizaranse recibos con importe preimpresos ou recibos con autocalco debidamente numerados, debendo a persoa encargada do cobro, de entregar o recadado xustificando coa copia do recibo. Se o servizo se contrata a unha empresa privada, a facturación da empresa comprobaranse coas copias dos recibos correspondentes.

O devengo das taxas polos servizos prestados, é independente da sanción que proceda impoñer conforme ao procedemento establecido.

A Administración Municipal non é responsable dos danos e desperfectos que o vehículo poida experimentar con motivo das actuacións de inmovilización, transporte, retirada ou depósito, agás que poida demostrarse que o persoal dependente ou que traballe por conta do Concello incorrese en culpa ou negligencia.

**DISPOSICIÓN FINAL**

A modificación da presente Ordenanza entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2012, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Contra a presente ordenanza cabe recurso contencioso-administrativo na forma e prazos determinados na Lei 29/98 de Xurisdicción Contencioso-administrativa.

**8).—ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO CEMITERIO.**

As tarifas da taxa a aplicar no cemitero municipal de San Xoan son as seguintes:

|  |        |
|--|--------|
| <b>CONCESIONS A PERPETUIDADE</b>   |        |
| Nichos en propiedade   | 843,44 |
| Cinceiros en propiedade  | 374,40 |
| <b>CESIÓNS EN ALUGUER</b>  |        |
| Nichos por 5 anos  | 156,00 |
| <b>COTA ANUAL POR MANTEMENTO (€/ano)</b>   |        |
| Por cada nicho (inclúe o alumado durante 15 días no mes de Santos para os que non o teñan solicitado o alumado durante todo o ano) | 2,50   |

---

**DEREITOS DE ENTERRAMENTO, INHUMACIÓNS E EXHUMACIÓNS**

|   |       |
|---|-------|
| Inhumación en panteóns ou nichos                      | 50,00 |
| Traslados de cadáveres procedentes doutros cemiterios | 25,00 |
| Exhumación a outros cemiterios                        | 20,00 |
| Exhumación dentro do propio cemiterio                 | 30,00 |

---

**TRASPASOS DE TITULARIDADE**

|                          |       |
|--------------------------|-------|
| Por herencia, cada nicho | 12,48 |
|--------------------------|-------|

---

**ILUMINACIÓN NON INTERIOR DO PANTEÓN**

|                  |       |
|------------------|-------|
| Por cada panteón | 25,00 |
|------------------|-------|

---

**OUTROS ACTOS INTERVIVOS**

Venda e doación: o 10% do valor segundo valoración da Ordenanza.

**9) ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DE EXPEDICIÓN  
DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS.**

*ARTIGO 1º. NATUREZA E FUNDAMENTO:*

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15.1, 25 e 27 do TRLRHL aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, acordase a imposición e ordenación da Taxa por expedición de documentos administrativos.

*ARTIGO 2º FEITO IMPOÑIBLE:*

1.—Constitúe o feito imponible da taxa de actividade administrativa desenrolada con motivo da tramitación, a instancia de parte, de toda clase de documentos que expida e de expedientes de que entenda a Administración ou as Autoridades Municipais.

2.—Para estes efectos, entenderase tramitada a instancia de parte calquera documentación administrativa que fora provocada polo particular ou redunde no seu beneficio aínda que non mediera solicitude expresa do interesado.

3.—Non estarán suxeitas a esta Taxa a tramitación de documentos ou expedientes necesarios para o cumprimento das obrigas fiscais, así como tampouco as consultas tributarias, os expedientes de devolución de ingresos indebidos, os recursos administrativos contra resolucións de calquera clase e os relativos a prestación de servizos ou realización de actividades competencia do Concello.

*ARTIGO 3º SUXEITO PASIVO:*

Son suxeitos pasivos en concepto de contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades as que se refire o artigo 35 e 36 da Lei Xeral Tributaria, que soliciten, provoquen ou que teñan interese no que redunde a tramitación do documento ou expediente de que se trate.

*ARTIGO 4º RESPONSABLES TRIBUTARIOS:*

1.—Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas as que se refire o artigo 42.c) da lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

2.—Serán responsables subsidiarios as persoas ou entidades sinaladas no artigo 43 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.